

Información xeral sobre o curso

✓ Material didáctico:

- Literatura galega do século XX (Editorial A Nosa Terra)
- Guías do alumnado de Bacharelato semipresencial (web do centro / **Fáloa porque si**)
- Apuntamentos (web **Fáloa porque si**)

✓ Libros de lectura.

As lecturas serán voluntarias. Cada libro sumará **0.5 puntos**, até un máximo de 2 por avaliación. Estes puntos non se contabilizarán para aprobar a asignatura; sumaranse a partir do 5, para mellorar a nota. Os títulos escolleranse entre os ofrecidos na mesma listaxe. Cómpre que o profesor sexa informado desta circunstancia, para coordinar a realización dun control oral ou escrito, onde se valorará tamén a capacidade e a propiedade da expresión oral/escrita. **A lectura deberá ser acreditada, como mínimo, dúas semanas antes da avaliación.**

✓ Datas exames/avaliacións

Na páxina web do centro pódese consultar toda a información relacionada coa organización do curso (avaliacións, titorías orientativas...). O xefe de estudos establecerá un calendario oficial de exames, que se celebrarán nos meses de decembro, marzo e maio.

✓ Cráterios e procedementos de avaliación.

Os alumnos serán avaliados mediante **probos escritos** obxectivos que incluírán unha parte teórica e unha parte práctica. Estas probas realizaranse, como mínimo, unha vez en cada trimestre/avaliación. En casos excepcionais (individuais e puntuais) podería contemplarse a posibilidade de facer algunha destas probas de forma oral.

Aínda que nesta modalidade (a distancia semipresencial) os contidos actitudinais teñan unha relevancia moito menor, tamén serán avaliados, especialmente no relativo á participación nas titorías. Do mesmo modo serán obxecto de avaliación o esforzo e o afán de superación, por unha banda, e o cumprimento e realización

puntual das tarefas, por outra. Estes aspectos serán considerados ordinariamente de forma positiva e só en casos excepcionais serán manexados para facer unha avaliación negativa dos alumnos. No seu **conxunto a avaliación destes contidos actitudinais non superará o 20% da nota** en cada caso, correspondendo o resto ás probas trimestrais (lecturas incluídas).

Para **aprobar** o curso, é preciso:

- **sumar un mínimo de 14 puntos nos tres exames** trimestrais.
- **ter aprobadas, polo menos, dúas avaliacións.** (No caso de ter unha avaliación suspensa, para aprobar o curso sen ter que recorrer á convocatoria ordinaria de maio, a nota mínima esixíbel nesa avaliación será de 3 puntos.)

Se non se cumpren todos estes requisitos, o alumno deberá presentarse ao exame final na convocatoria ordinaria para recuperar aquela parte da materia que teña pendente (incluídas as lecturas obrigatorias). O alumnado que teña que recorrer á convocatoria extraordinaria de setembro examínase de toda a materia e, se for o caso, tamén das lecturas obrigatorias. A nota final nestas convocatorias, ordinaria e extraordinaria, será a media dos exames das tres avaliacións considerando os resultados das recuperacións realizadas e sen considerar a aportación das lecturas a maiores efectuadas no seu momento. Tamén aquí serán avaliados os contidos actitudinais, se procede, para calcular a cualificación final global.